

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 26 de xuño de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(636).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia da sesión por todos os presentes.

2(637).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA A ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MALÚ O 29 DE XULLO NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 5659/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 20/06, da xefa do servizo de Festas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polos concelleiros-delegados de Cultura e de Economía e Facenda; visto que consta no expediente informe da Asesoría Xurídica do 18/06 e o de fiscalización do 25/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de MALU no Auditorio de Castrelos (expte:5659/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 13 de xuño de 2014, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 19 de xuño de 2014.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 62.396,70 € máis 13.103,30 € de ive que fai un total de 75.500€ (SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa “SWEET NOCTURNA, S.L” CIF: B-36998524, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación da artista MALU o día 29 de xullo de 2014 en Vigo, tal e como se recolle no escrito de data 25 de abril de 2014, que se achega ao expediente.

Cuarto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP

3(638).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA A ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE JAMIE CULLUM O 8 DE AGOSTO NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 5660/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 20/06, da xefa do servizo de Festas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polos concelleiros-delegados de Cultura e de Economía e Facenda; visto que consta no expediente informe da Asesoría Xurídica do 18/06 e o de fiscalización do 25/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de JAMIE CULLUM no Auditorio de Castrelos (expte:5660/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 13 de xuño de 2014, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 19 de xuño de 2014.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de 87.396,70 € máis 18.353,30 € de ive que fai un total de 105.750,00€ (CENTO CINCO CON SETECENTOS CINCOENTA) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa “SWEET NOCTURNA, S.L” CIF: B-36998524, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación do artista JAMIE CULLUM o día 8 de agosto de 2014 en Vigo, tal e como se recolle no escrito de data 8 de maio de 2014, que se achega ao expediente.

Cuarto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 320.1 do TRLCSP.LG.

4(639).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONTRATACIÓN DE BENEFICIARIOS DE RISGA - O ANO 2014. EXPTE. 10983/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26/06/14, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as memorias seguintes que se achegan no anexo II para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga do 2014, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.

- a) Limpieza: "Plan de limpeza a retirada de pasquíns, carteis e pintadas".
- b) Desenvolvemento Local e Emprego: " Mellora das zonas públicas"

Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 306.835,63 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

Cuarto.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

"Mellora das zonas públicas"

PROGRAMAS DE COLABORACIÓN XUNTA ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

1.OBXECTO.

O obxecto dos traballos a realizar, polo que se solicita o persoal, consiste no mantemento e mellora das infraestructuras urbáns no barrio de Navía e a mellora dun xardín existente na rúa Martínez Garrido, Vigo.

2.DESCRIPCIÓN

a)Limpar e desbrozar as cunetas e noiros e fincas.Nos seguintes lugares:

- rúa Pedra Seixa.*
- rúa Ufas.*
- Acesos da rúa Teixugueiras a VG-20*
- Lateral finca entre Pabillon deportivo e edificios dende o numero 8 a 14 da rúa Teixugueiras.*
- Fincas de Espacios Educativos, situadas no laterales das rúas Ufas.*
- Espacio libre situado na parte traseira dos edificios da rúa Teixugueiras do 32 o 36.*

b)Instalación de sistema de rega nos espazos axardínados da rúa Teixugueiras situados entre os edificios que van do numero 32 ó 36.

c) Acondicionamento das arquetas de acometida de rego nos xardíns existentes nesa mesma rúa.

d) Axardinamento das rotondas da rúa Pedra Seixa con, rúa Ulfas, Poza Cabalo e Limpiño. Construción de Xardín na rúa Martínez Garrido, 26

e) Traballos de reparación e reposición de pavimento de beirarrúas, nas rúas Teixugueiras, Pedra Seixa, Ulfas, Poza Cabalo. Así como as zonas de esparcemento situadas nas partes traseiras dos edificios da rúa Teixugueiras entre os números 30 e 12.

f) Reparación da rígola de borde da estrada, na rúa Teixugueiras.

g) Pavimentado do camiño de acceso dende o paso de peóns da rotonda da VG-20 a parte traseira do edificio do número 13 da rúa Teixugueiras.

h) Construción de pasos de peóns rebaixados, para acceso minusválidos na rúa Pedra Seixa.

i) Construción de beirarrúas de acceso a Navia dende a rotonda da Rúa Ricardo Mella, 70 a rúa Caramuxo e dende esa rotonda ata entrada da rúa Cañiza dende a VG-20.

3. ACTUACIÓNS.

a) Limpar e desbrozar as cunetas, noiros e fincas.

- Limpar e desbrozar as cunetas de mato e restos da masa vexetal, con máquinas desbrozadoras e medios manuais, incluso retirada de entullos, agrupado e posteriormente clasificado dos residuos de acordo coas súas características e propiedades, co fin de facilitar posteriormente o seu tratamento. E retirado con camión grúa con culler, e transporte de estes a vertedoiro.

- Instalación de sistema de rega.

- Instalación de sistemas de rega automático: colocando liñas de acometida de diámetro de 75 mm e de distribución con tubarías de diámetros de 63 e 40 mm, e colocación de aspersores, chaves de corte, programadores, electroválvulas...

- Axardinamento.

- Formación de xardín por sementeira de unha mezcla de 3 especies incluso limpeza do terreo, laboreo con duos pases de motocultor e aboado de fondo, rastrelado e retirada de todo material de tamaño superior a 2 cm., distribución da semente, tapado e primeiro rego.

- Planta manual de flor, suministradas en bandexa, comprendendo o laboreo do terreo con motocultor, estercado, plantación, recebo e primeira rega.

- Macizo de arbustos variados de folla perenne e porte rasteiro, de 0,20-0,40 m. de altura. Compreendendo o laboreo do terreo con motocultor, estercado de fondo, plantación, e rego.

- Obras de contención de terras e peches das zonas axardinadas.

b) Traballos de reparación e reposición de pavimento de beirarrúas.

- Levantado con compresor do solado das aceras de terrazo en mal estado, incluso retirada e carga de produtos, e transporte a vertedoiro. Posteriormente colocación do terrazo similar o existente, recibido con morteiro de cemento CEM II/B-M 32,5 R e area, i/ rexuntado con leitada de cemento branco BL-V 22,5 e limpeza.

- Colocación de lousas rectangulares de pizarra, sentadas con morteiro de cemento cola sobre soleira de formigón existente, rexuntado con leitada de cemento e limpeza.

c) Reparación de rígola de borde da estrada.

- Levantado con compresor de rígola en mal estado, incluso retirada e carga de produtos, e transporte a vertedoiro e posteriormente colocación de rígola de formigón prefabricado cor gris, de 12x40x33cm., sobre leito de formigón HM-15/B/40, sentada con morteiro de cemento, i/ rexuntado, llagueado e limpeza.

d) Pavimentado do camiño de acceso.

- Desmonte en terreo para formación de caixa para soleira, con medios mecánicos incluso emprego de compresor, con carga sobre camión dos produtos resultantes da excavación.

- Soleira de formigón en masa de 10 cm. de espesor, realizada con formigón HM-15/B/20, de central, i/ vertido, curado, colocación, p.p. de juntas, aserrado de las mismas e fratasado.

- Solado de granito nacional pulido de 2 cm., recibido con morteiro de cemento CEM II/B-M 32,5 R e area de miga 1/6, cama de area de 2 cm. de espesor, rexuntado con leitada de cemento CEM II/B-M 32,5 R 1/2 e limpeza.

e)Rebaixes en pasos de Peóns.

- Levantado con compresor do solado das beirarrúas de terrazo e os bordos existentes, incluso retirada e carga de produtos, e transporte a vertedoiro.
- Colocación de bordo de granito gris igual o existente, de 18-20x25 cm., para formación dos rebaixes e colocado sobre soleira de formigón HM-15/B/40, de 10 cm. de grosor, e excavación necesaria, rexuntado e limpeza.
- Colocación do terrazo similar o existente, recibido con morteiro de cemento CEM II/B-M 32,5 R e area, e rexuntado con leitada de cemento blanco BL-V 22,5 e limpeza.
- Pavimento de baldosa de cemento vibrado, acabado superficial con tacos redondos, de cor vermella, de 40x40x6 cm, sentada con morteiro 1/6 de cemento e area, p.p. de xunta de dilatación, enleitado e limpeza.

f)Construcion de beirarruas de acceso a Navia, de 350 m de longo e ancho variable dende 2,00 a tramos de 1,00 m.

- Traballos de rozado de cobertura vexetal, retirada de capa de terra vexetal, apertura de caixa en terreos medios. Capa de xabre de 15 cm de grosor para base da beirarrua, soleira de formigón HM-20 de 15 cm de grosor, e posterior colocación de baldosa de terrazo de 40*40 cor gris acabado rustico, asentada con morteiro 1/6 de cemento e area, p.p. de xunta de dilatación, enleitado e limpeza. cm sobre capa de morteiro, rematado con bordo de formigón. Incluso formación de rebaixes para pasos de Peóns con baldosa de cemento vibrado, acabado superficial con tacos redondos, de cor vermella, de 40x40x6 cm.

4.PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

a)MATERIAS OBRA:

- Non se necesitaría partida orzamentaria específica, xa que existe material para a realización dos traballos acopiado no Parque Central Municipal para este programa.
- XARDINERÍA:
 - Instalación de REGA: 4.712,64€ + 21% IVE 898,65 = **5.702,29€**
 - Preparación Xardíns: 839€ +21% IVE 176,19 = **1.015,19 €**
- ALBANELERIA
 - Reparación beirarrúas, rebaixes pasos de peóns 5.684,5 +21% 1.193,74 0= **6. 878,24 €.**

b)MAQUINARIA E EQUIPAMENTO:

- Xardinería: 2855,49 + 21% IVE 599,63 = **3.455,02 €**
- Albanelería: 5182,16 + 21% IVE 1085,25 = **6.270,41 €**

c)VESTIARIO:

- Para a realización dos traballos descritos a aportación deste Concello concretarase en facilitar a cada un dos traballadores contratados as roupas de traballo e EPIS necesarios para cumprir coas súas obrigas respondendo aos criterios necesarios en materia de prevención de riscos laborais.

•ROUPAS DE TRABALLO

Prendas	Precio unidade	Unidades	Precio total
Chaqueta polar	17,95	31	556,45
Chaleco Alta Visibilidade	3,45	31	106,95
Camisetas Azul marino	3,90	62	241,80
Botas seguridade	17,85	31	553,35
Pantalón Alta Visibilidade	12,1	62	750,2
Chuvaqueiro Alta Visibilidade	15,90	31	492,9
TOTAIS:			2.701,65€

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS											
Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	Custes posto 9 meses
2	Capataz- Construción	745,24	124,21	869,45	869,45	84/d	38,10	331,26	1.200,71	2.401,42	21.612,76
6	Oficial albanel	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	7.045,29	63.407,61
1	Oficial fontaneiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	10.567,94
3	Of. xardinería	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	38,10	323,95	1.174,22	3.522,65	31.703,81
1	oficial Palista	728,80	121,47	850,26	850,26	84/f	38,10	323,95	1.174,22	1.174,22	10.567,94
2	Of. conducción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/f	38,10	323,95	1.174,22	2.348,43	21.135,87
16	Peóns construción	694,10	115,68	809,79	809,79	84/d	38,10	308,53	1.118,31	17.893,02	161.037,22
31									Mes	35.559,24	320.033,14

d) CUSTOS DE FORMACIÓN:

- Para os diferentes postos de traballo solicitados é necesario tamén unha aportación deste concello para cubrir as necesidades de formación necesaria basicamente en materia de Prevención de Riscos Laborais.
- Para os capataces e oficiais é necesario que reciban a formación como recursos preventivo, formación que ten unha duración de 60h lectivas e que ten uns custos estimados de **1.410€**
- Para o colectivo de peóns a formación básica en PRL serían o segundo ciclo albanería peóns cunha duración de 20 h lectivas e cun custo de **1.050€** e o específico de xardinería de 6 horas lectivas e cun custo estimado de **500 €**.
- Finalmente para os oficiais xardineiros forestais curso básico de xardineiro-forestal de 50 horas lectivas e cun custo estimado de **600€**.
- Polo tanto, estimamos necesaria unha aportación municipal en materia de formación inicial para os traballadores a contratar de **3.560€**

5. PERSOAL NECESARIO.

a) Tendo en consideración as obras a executar e os servizos a prestar para as actuacións a levar a cabo, necesitariase o seguinte persoal:

POSTOS E PRAZAS SOLICITADAS	
2	Capataz.
6	Oficias Albaneis.
3	Oficias xardíneiros/Forestais.
1	Oficial Fontaneiro.
2	Oficial Conductor.
1	Oficial palista.
8	Peons xardíneiros/Forestais.
8	Peons Construción.

b) CUSTOS ESTIMADOS DA CONTRATACIÓN DO PERSOAL:

6. DURACIÓN

Cos obxectivos prantexados dentro deste programa para a realización das actuacións indicadas e co persoal solicitado, realizarían os traballos nun período total de 9 meses e co 75% da xornada. Tendo en conta o período de formación e os condicionantes meteorolóxicos. A

continuación indícase a planificación estimada dos traballos, coas brigadas e a duración no tempo:

9	Meses Brigadas de Albanelería
9	Meses Brigadas de xardíneiros/Forestais.
9	Meses Brigadas instalación rega en xardíns.

7.DECLARACIÓN

Dende este servizo non se solicitou e non se concedeu, para a mesma finalidade, axuda algunha por parte das distintas administracións públicas competentes.

Vigo, 17 de xuño de 2014

Conforme:

O xefe de Servizo de
Desenvolvemento Local e Emprego

O Concelleiro de Emprego, Participación
Cidadá e Voluntariado

Francisco J. Gutiérrez Orúe

Santos Héctor Rodríguez Díaz”

“SERVIZO DE LIMPEZA

MEMORIA DESCRIPTIVA:

1.- DENOMINACIÓN

PLAN DE LIMPEZA E RETIRADA DE PASQUINS, CARTEIS, PEGATINAS E PINTADAS NA CIDADE DE VIGO.

2.- DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN

O obxecto do proxecto consiste na organización de grupos de traballo que atendan permanentemente as necesidades de limpeza de pegatinas, pasquins, carteis, pintadas, etc. que sistematicamente aparecen sobre o mobiliario urbano e as fachadas dos edificios da nosa cidade, reducindo o tempo de resposta dos servizos municipais correspondentes.

Outro obxectivo é tamén o de atender solicitudes específicas ou urxencias fora da planificación ordinaria, que pola súa magnitude requiran poucos medios materiais e se poidan resolver nun curto espazo de tempo, e que do contrario se demorarían excesivamente á hora de ser atendidas polos servizos municipais.

Trátase polo tanto de brigadas de intervención rápida, cada unha delas cun ámbito de intervención limitado, cuxas actuacións son de interese xeral ao traballar sempre enlucindo os lugares públicos, e que teñen ademais un marcado carácter social dado que os pulos de limpeza concretanse en zonas especialmente degradadas ou socialmente deprimidas do centro ou periferia da cidade.

2.1.- Distribución territorial

A distribución territorial na que se enmarca este proxecto pódese dividir en tres grupos diferenciados:

- **CASCO VELLO:**

Este grupo estaría formado por todas as rúas do casco antigo da cidade. Rúas que están experimentando unha importante rehabilitación de inmobles co fin de reactivar a zona,

entre outras: Santiago, Ferrería, San Sebastián, Abeleira Menéndez, Cruz Verde, 2ª República, Subida o Castelo, Poboadores, San Francisco, Bxda Forte, Peñasco, Teófilo Llorrente, Perigos, Alta, San Vicente, Chao, Méndez Nuñez, Real, Funil, Cesteiros, Palma, Triunfo, Joaquín Yañez, Gamboa, Ballesta e Fermin Penzol.

- **ZONA URBANA:**

Rúas recentemente urbanizadas, así como rúas de especial interés, como as peonís. Estas rúas son, entre outras: rúa Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Policarpo Sanz, Príncipe, Rosalía de Castro, Sanjurjo Badía, Coruña, Tomás A. Alonso, Conde Torrecedeira, Baiona, Redondela, Marín, Vilagarcía, Avda. Castelao, Val Miñor, Avda. Alcalde Portanet, Avda. Balaídos, Avda. Castrelos, Avda. Florida, Urzaiz, Sagunto, Palencia, Antela Conde, Andalucía, Badajoz, Extremadura, Cristo, Portela, Jesús Fernández, Toledo, Barcelona, Zamora, Zaragoza, Salamanca, Sevilla, Illas Baleares, Illas Canarias, Valencia e Pintor Colmeiro.

- **ZONA PERIURBANA:**

Neste grupo englobanse todos os viais estruturantes das parroquias da cidade que se rían, entre outras:

- Parroquia de Teis:
Cantabria, Traida de Augas, Paraixal, Madroa, Areeiro.
- Parroquia de Candean:
Subida A Madroa, San Cristobo, Manuel Costas Bastos, Avda. Aeroporto.
- Parroquia de Lavadores:
Alcalde Lavadores, Bagunda, Severino Cobas, Subride, A. Nieto Figueroa, Ramón Nieto, Areeiro, Manuel Alvarez, Meixueiro, Ernesto Lecuona, Mestre Maestro Montes, Curros, Sta. Cristina, Bxda ó Capitan.
- Parroquia de Cabral:
Santa Marina, Alza, Becerreira, Tranvia, Figueiras, Molais, Amaro, Rabadeira.
- Parroquia de Sárdoma:
Miraflores, Quirós, Ponte Segade, Moledo, Marco.
- Parroquia de San Xoan do Monte - Sampaio:
Areeiro, Casal de Arriba, Casal de Abaixo, Cabalaria, San Xoan do Monte.
- Parroquia de Beade:
Coutadas, Porto, Ramiro Pascual, Seixo, Venda, Saa, Saa Monte.
- Parroquia de Castrelos:
Avda Castrelos, Bxda Laxe, Finca dos Aires, Costa, Mestres Goldar, Portoloureiro, Falcoa, Macal.
- Parroquia de Matamá:
Canteiros, Manuel Cominges, Leonardo Alonso, Roupeiro, Balsa.
- Parroquia de Comesaña:
Camposancos, Matama Pazo, Casas, Rial, Cañiza.
- Parroquia de Alcabre:
Europa, Garita, Atlántida, Javier Sensat, Pardaiña, Sobreira, Robaleira.
- Parroquia de Navia:
Pertegueiras, Europa, Samil, Teixugueiras, Argazada, Lourido, Pereiras, San Paio.
- Parroquia de Coruxo:
Bao, Combro, Carrasqueira, Fragoselo, Jose Rivas, Canido, Longra.
- Parroquia de Oia:

Cesáreo Vázquez, Arq. Gómez Román, Arq. Antonio Cominges, Desiderio Pernas, Igrexa Roteas.

- Parroquia de Saíans:
Bxda Praia, Pinal, Portiño.
- Parroquia de Valadares:
Ctra. Valadares, Igrexa, Portal, Garrida, Gándara, Caseiro, Monte Alba.
- Parroquia de Zamáns:
Ctra. Zamans, San Cosme, Igrexa, Cidans, Marcosende.

Segundo a análise técnica efectuada previamente, determinouse que o proxecto quedaría suficientemente cuberto con catro (4) brigadas. Cada unha estaría composta por dous (2) operarios coa categoría de peóns, que traballarían de xeito continuado segundo a zonificación antes descrita. En total serían polo tanto 8 operarios.

Estas brigadas estarían apoiadas por un (1) conductor que faría as tarefas de transporte de persoal e apoio loxístico.

Resumindo o anterior, todo o persoal necesario para cubrir as necesidades do proxecto e o seu perfil profesional establécese do seguinte xeito:

8	operarios	sen cualificación profesional
1	conductor	permiso de conducir clase B
Total:	9 persoas	

2.2.- Descrición dos traballos

As operacións a realizar planificaranse cíclicamente en cada unha das zonas antes descritas, de xeito que cada grupo traballe exclusivamente nunha única demarcación, a excepción da zona periurbana, que estará composta por dúas brigadas de intervención. Non obstante o anterior, e por mor da diferenza de extensión entre elas, a planificación inicial poderase axustar en función das necesidades e cantidade de traballo que se xenere en cada zona.

Os traballos consisten na limpeza de valados e fachadas, mobiliario urbano como: soportes de sinais de tráfico, farolas, semáforos, papeleiras, bancos, etc., instalados en lugares de uso público e máxima concurrencia de veciños, eliminando as pegatinas, pasquins e pintadas mediante rasqueta e produtos decapantes inocuos, así como a retirada e limpeza dos restos destes mediante escobón e pa de man, depositándoo logo nos contenedores de lixo da zona. As pintadas eliminaranse por repintado do soporte con pintura da mesma cor que a base.

3.- PRESUPOSTO DE MATERIAIS E PARTIDA ORZAMENTARIA

Para a realización dos traballos descritos serán necesarios unha serie de materiais consumibles referidos no punto 2.2 anterior: produtos de limpeza, decapantes inocuos, pintura e auga, que non será preciso adquirir especificamente para este proxecto dado que xa se atopan en cantidade suficiente nos nosos almacéns, a disposición do noso propio persoal.

Do mesmo xeito, tamén dispoñemos dos útiles de limpeza específicos para estes traballos adquiridos en exercicios anteriores para o mesmo fin: escaleiras de man, pulverizadores de líquidos, rasquetas, escobóns, etc.

Pola contra, será preciso adquirir especificamente o vestiario e EPI's para equipar axeitamente aos traballadores do programa. Para este concepto estímase un importe de 2.500€ (ive incluído), que será imputado contra o saldo dispoñible na reserva de crédito con referencia: 201400005261, da partida "Vestiario e EPI's" 1620..2210400, da que a partir deste momento e

ata a resolución do expediente queda comprometida a reserva do importe de 2.500€ para este concepto por parte do Servizo de Limpeza.

4.- POSTOS DE TRABALLO NECESARIOS

Segundo a descrición de traballos realizada anteriormente, os postos de traballo necesarios son:

- 1 conductor con capacitación para conducir vehículos mixtos adaptados ou turismos (permiso tipo B)
- 8 peóns

5.- DURACIÓN E ADICACIÓN DO SERVIZO

Dadas as características do proxecto enténdese que nove (9) meses é o prazo axeitado para acadar os resultados previstos, cunha xornada laboral do 75% de adicación.

6.- DECLARACIÓN

Declárase que non se efectuaron outras solicitudes de persoal nin tampouco se concederon para o mesmo proxecto.

Vigo a 20 de xuño do 2014

CONFORME

O CONCELLEIRO DELEGADO DE LIMPEZA

Asdo. Ángel Rivas González

O XEFE DO SERVIZO DE LIMPEZA

Asdo. Benjamín Collazo Rodríguez"

5(639).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO ALUGUER DE MAQUINARIA DE OBRA PÚBLICA, CON E SEN MAQUINISTA, PARA A REPARACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS E OUTROS EQUIPAMENTOS CONEXOS. EXPTE. 70983/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 13/06, do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, conformado polo xefe e polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro de Economía e Facenda o 25/06; vistos os informes da Asesoría Xurídica de data 09/06/14 e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 25/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria do aluguer de maquinaria de obra pública, con ou sen maquinista, para reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos de titularidade municipal.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para a referida contratación, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras e asinado con data 9 de abril de 2014, que figura no expediente.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 23 de maio de 2014, que figura no expediente.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de 720.000,00€0€, que cun IVE de 151.200,00€, supón un total de 871.000,00€, con cargo á partida 1550.210.0000 e co seguinte desglose por anualidades nas que o Concello comprométese a incluír o crédito necesario e suficiente para a execución do contrato:

Anualidades	Importe sen IVE	IVE	IMPORTE TOTAL
2014	120.000,00 €	25.200,00 €	145.200,00 €
2015	360.000,00 €	75.600,00 €	435.600,00 €
2016	240.000,00 €	50.400,00 €	290.400,00 €
Total	720.000,00 €	151.200,00 €	871.200,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

6(640).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DOS SERVIZOS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 19/06, do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, conformado polo xefe de área, polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro de Economía e Facenda; vistos os informes da Asesoría Xurídica de data 20/06/14 e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 25/06/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de acondicionamento, arranxo, mantemento e conservación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para a referida contratación, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras e asinado con data 9 de maio de 2014 que figura no expediente.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 18 de xuño de 2014, que figura no expediente.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de 5.289.256,20€, que cun I.V.E de 1.110.743,80€, supón un total de 6.400.000,00€, con cargo á partida 1550.210.0001 e co seguinte desglose por anualidades nas que o Concello comprométese a incluír o crédito necesario e suficiente para a execución do contrato:

Anualidades	Importe sen IVE	IVE	IMPORTE TOTAL
2014	440.771,36 €	92.561,98 €	533.333,34 €
2015	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2016	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2017	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2018	881.542,70 €	185.123,96 €	1.066.666,66 €
Total	5.289.256,20 €	1.110.743,80 €	6.400.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

rs

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.